




Informe de actuación e xestión issga 2014



Informe de actuación e xestión 2014

**INSTITUTO GALEGO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL (ISSGA)**

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Traballo e Benestar
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
2015

Autor: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

Edita: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
Casa da Parra - Praza da Quintana, s/n
Santiago de Compostela
issga.xunta.es

Santiago de Compostela, febreiro 2015



© ISSGA. Xunta de Galicia.

Informe de actuación e xestión issga 2014

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
<http://issga.xunta.es/portal/contido/actividade/plans.html>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirigual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es_ES

Índice

Introdución	5
1 O ISSGA: Definición, regulación e funcións	7
1.1. Definición e regulación	7
1.2. Funcións	9
2 Estrutura e organización	13
2.1. Órganos de goberno	14
2.2. Órgano executivo.....	20
2.3. Órganos de xestión	22
2.4. Outros órganos	29
3 Recursos	31
3.1. Recursos humanos.....	31
3.2. Recursos económicos	34
3.3. Instalacións e dotación de medios.....	35
3.4. Mellora da calidade	37
4 Actividade institucional	39
4.1. Accións de promoción: campañas, actos de presentación e participación en congresos e outros foros	39
4.2. Publicacións	45
4.3. Consultas técnicas	50
4.4. Formación interna	51
4.5. Participación en grupos de traballo e xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades	53
4.6. Xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades	61
5 Relacións con outros organismos	69
5.1. Convenios e acordos de colaboración	69
5.2. Coordinación con outros organismos da Administración	70
6 Actuación técnica	73
6.1. Tarefas de investigación e asistencia técnica (Artigo 3, parágrafo 2b da Lei 14/2007)	73
6.2. Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral	79
6.3. Asesoramento (artigo 3 parágrafo 2c Lei 14/2007)	80
6.4. Accións formativas.....	85
6.5. Hixiene analítica.....	92
6.6. Medicina do traballo.....	96
7 Directorio	99
8 Anexos	101

Introdución

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), organismo adscrito á Consellería de Traballo e Benestar, configúrase como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais. Dentro das funcións que o Instituto ten legalmente atribuídas, está o deseño das súas principais liñas de actuación, as cales no ano 2014 encadráronse no marco do Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014, consensuado polo goberno de Galicia e os axentes sociais para este horizonte temporal; así, o ISSGA, como órgano da Xunta de Galicia encargado da xestión e a coordinación das políticas adoptadas nesta materia, concreta a execución das súas funcións nos sucesivos plans anuais de actividades.

No contexto aludido, a Comisión de Goberno do ISSGA, na súa reunión do 11 de decembro de 2013, aprobou o Plan de actividades 2014, e definiu as liñas dese ano para dar cumprimento aos obxectivos establecidos no Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014. A participación cualificada dos axentes sociais (UGT, CCOO, CIG e CEG) no máximo órgano de goberno do ISSGA pon de manifesto que as actividades recollidas no plan, e cuxa execución se reflicte nesta memoria, deben identificarse como un traballo conxunto de todos os implicados no eido da seguridade e saúde laboral en Galicia.

No artigo 13 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o ISSGA, establécese que con periodicidade anual se elaborará unha memoria de actividades da que se dará conta ao Parlamento de Galicia para os efectos de control por parte deste organismo. Este mandato legal cúmprese con este documento que, sen pretender ser exhaustivo, recolle o que consideramos fundamental do noso traballo no ano 2014, estruturándose



en sete puntos: a estrutura e organización, os recursos, a actividade institucional, as relacións con outros organismos, a actuación técnica, o directorio e os anexos.

O 2014 foi o derradeiro ano de execución do Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014, o que incidiu directamente na planificación da actuación do ISSGA, que asumiu neste ano todas aquelas actuacións previstas e non rematadas ata este momento.

Confiamos en que todo este traballo teña continuidade e que axude a poñer en valor a necesaria asunción, e máis nestes tempos de crise, da prevención de riscos laborais polo tecido empresarial, traballadores e traballadoras e, en xeral, pola sociedade galega, para evitar custos incompatibles co dereito ao traballo seguro e saudable nun estado de benestar.

Adela Quinzá-Torroja García

Directora do ISSGA

1 O ISSGA: Definición, regulación e funcións

1.1 Definición e regulación

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) configúrase como un órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais. De acordo co disposto no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, o ISSGA está adscrito a esta consellería como organismo autónomo.

O ISSGA regúlase pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, modificada pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Por outra banda o Decreto 165/2014, do 11 de decembro (DOG nº 1, do 02/01/15), aproba os seus estatutos. O inicio de actividades deste organismo tivo lugar o día 1 de xullo de 2008.

De acordo co disposto no artigo 3 da Lei 14/2007, correspóndelle ao Instituto a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

O ISSGA ten a súa sede na cidade de Santiago de Compostela, e conta cun centro territorial en cada unha das catro provincias galegas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Estes centros configúranse como órganos do Instituto de ámbito territorial provincial aos que lles corresponde o desenvolvemento das funcións propias deste no seu ámbito territorial.

O Instituto estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade das persoas traballadoras, respecto dos centros de traballo radicados na

Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as administración públicas e o persoal ao seu servizo. Na súa actuación inclúe especificamente as cooperativas de traballo asociado e as demais cooperativas en relación cos seus socios e socias de traballo. Así mesmo leva a cabo actividades de promoción da prevención de riscos laborais en relación cos traballadores e as traballadoras por conta propia e co conxunto da poboación, prestándolles especial atención ás actividades de prevención dirixidas ás pequenas e medianas empresas (PEME) e ás microempresas.

Para o cumprimento dos seus fins, o Instituto:

- Desenvolve accións de información, divulgación e formación, en materia preventiva.
- Realiza o asesoramento e o control das accións técnico-preventivas, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dirixidas á diminución dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais que se realicen nas empresas para elevar a protección da seguridade e a saúde dos traballadores e das traballadoras.
- Préstalles ás empresas, con especial atención ás PEME e microempresas, ás persoas traballadoras, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- Realiza o seguimento, coordina e promove a colaboración de accións en materia de prevención de riscos laborais dos diferentes departamentos da Administración autonómica, así como con aqueles organismos estatais e internacionais orientados aos mesmos fins.
- Fomenta a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal no ensino regrado e non regrado.

1.2 Funcións

De acordo coa súa lei de creación, correspóndelle ao ISSGA o exercicio das seguintes funcións:

- a) Analizar, investigar e avaliar as causas e os factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, establecendo un carácter sectorial e territorial, abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.
- b) Coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral e condicións de traballo.
- c) Elaborar, promover e desenvolver programas de investigación sobre métodos e técnicas de seguridade e saúde no traballo.
- d) Promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de prever as posibles situacións nas que os danos derivados do traballo poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras.
- e) Asesorar tecnicamente para a elaboración e a reforma da normativa en materia de seguridade e saúde no traballo e mais elaborar recomendacións sobre condicións de traballo dos grupos especiais de risco.
- f) Prestarlles colaboración, asesoramento técnico coordinación á autoridade laboral, á Inspección de Traballo e Seguridade Social e mais ás autoridades xudiciais e as institucións públicas que o demanden.
- g) Efectuar plans e cursos de formación e accións informativas en relación coa seguridade e a saúde laboral.
- h) Apoiar e promover as actividades desenvolvidas polo empresariado e persoal traballador e as súas respectivas organizacións


representativas, en prol da mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, da investigación e o fomento de novas formas de protección e mais da promoción de estruturas eficaces de prevención.

- i) Estudar e vixiar as condicións de traballo que poidan resultar nocivas ou insalubres durante os períodos de embarazo e lactación da muller traballadora, para acomodar no caso necesario a súa actividade laboral a un traballo compatible durante os períodos referidos.
- j) Programar e realizar controis xerais e sectoriais sobre niveis de seguridade, hixiene e condicións de saúde nas empresas, coa prestación a estas e ás persoas representantes legais dos traballadores e das traballadoras do asesoramento pertinente e a comunicación das correccións necesarias que se deban efectuar para elevar os devanditos niveis.
- k) Efectuar estudos, informes e asesoramento técnico sobre postos, locais e centros de traballo, materias primas e produtos intermedios e finais, na medida en que poidan supor riscos para a saúde dos traballadores e das traballadoras.
- l) Asesorar e avaliar o funcionamento dos órganos técnicos das empresas en materia de seguridade, hixiene e saúde laborais.
- m) Efectuar os informes técnicos para a acreditación ou a autorización dos servizos de prevención alleos, entidades formativas e persoas ou entidades especializadas para levar a cabo auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención, agás nas materias que son competencia da Administración sanitaria, e o seguimento das súas actuacións, coa comunicación á autoridade laboral das desviacións observadas.
- n) Participar na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral en coordinación coa autoridade sanitaria no ámbito estratéxico e operativo e mais, de ser o caso, elaborar coa autoridade sanitaria un mapa de riscos laborais que sirva de instrumento para planificar a debida política de prevención.

- o) Prestarlle á Administración sanitaria asesoramento e asistencia técnica na autorización e na verificación do mantemento das condicións da autorización sanitaria dos servizos de prevención propios e alleos e mais na avaliación da súa actividade sanitaria.
- p) Colaborar coa consellaría competente en materia de seguridade industrial e mineira no que poida afectar a seguridade e a saúde do persoal traballador.
- q) Colaborar coa autoridade educativa, a universidade e os centros de investigación para implantar en todos os ciclos e niveis formativos programas educativos de prevención de riscos laborais.
- r) Colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras administracións públicas, entidades públicas e privadas e corporacións locais.
- s) Colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social nas actuacións referentes ás condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde laboral e mais nas de comprobación e control, de ser o caso.
- t) En xeral, coordinarse coas consellarías con competencias concorrentes en materia de seguridade e saúde no traballo, así como co Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) e coa Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST).
- u) Actuar, con especial dedicación ás PEME, en programas de prevención de riscos e promoción da seguridade no traballo.
- v) Estudar as posibles patoloxías derivadas da actividade laboral con máis incidencia en Galicia.
- w) Levar a cabo cantas outras funcións sexan necesarias para o cumprimento dos fins de prevención e promoción da seguridade e da saúde no traballo nos termos establecidos na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

2 Estrutura e organización

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o ISSGA, modificada pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, desenvolve a estrutura e organización deste organismo autónomo, e o Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, establece a estrutura orgánica e funcional dos seus órganos de goberno e executivos.



2.1 Órganos de goberno

2.1.1 Presidencia

A Presidencia do Instituto é o órgano unipersoal de goberno.

Exerce a presidencia do Instituto a persoa titular da consellería competente en materia de traballo. Non obstante, o Consello da Xunta pode nomear outra persoa para desempeñar o cargo, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de traballo.

Corresponde á persoa titular da Presidencia:

- a) Desempeñar a representación do Consello Reitor e a representación do Instituto, incluíndo as actuacións fronte a terceiros relativas aos seus bens e dereitos patrimoniais, así como a subscrición dos convenios e acordos de colaboración.
- b) Efectuar a designación e a destitución da persoa titular da Xerencia do Instituto.
- c) Presidir e convocar o consello Reitor, co desempeño de todas as demais competencias que lle correspondan como presidente do órgano colexiado.
- d) Autorizar os gastos necesarios e ordenar os pagamentos correspondentes do Instituto.
- e) Actuar como órgano de contratación e exercer a dirección superior do persoal do Instituto.
- f) Velar polo cumprimento das leis e pola execución dos acordos adoptados polo Consello Reitor.
- g) Dar conta, se é o caso, a outras consellerías dos acordos adoptados polo Consello Reitor.
- h) Impulsar e supervisar as actuacións do organismo.

A persoa titular da Presidencia pode delegar aquelas funcións propias que considere oportunas e sexan susceptibles de delegación na persoa titular da Xerencia.

No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a persoa titular da Presidencia é substituída pola persoa titular da Vicepresidencia do Consello Reitor.

Actualmente a presidenta do Instituto é Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar.

2.1.2 Consello Reitor

O Consello Reitor é o órgano superior colexiado de goberno do Instituto. Os seus membros son nomeados pola persoa titular da consellería de adscrición. A representación dos axentes sociais e da Administración na composición do Consello Reitor debe ser paritaria.

O Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do ISSGA, publicouse no Diario Oficial de Galicia de data 2 de xaneiro de 2015. Segundo o establecido na disposición adicional terceira deste decreto, o Consello Reitor do ISSGA debe constituírse nos tres meses seguintes á entrada en vigor do decreto. Así, segundo o disposto na disposición transitoria primeira da mesma norma, a Comisión de Goberno do ISSGA continuará exercendo as súas funcións en tanto non se constitúa o Consello Reitor.

Correspóndelle ao Consello Reitor:

- a) Establecer no marco da estratexia galega de prevención de riscos laborais os criterios xerais e liñas de actuación do Instituto.
- b) Aprobar a proposta do plan anual de actividades para a súa elevación á consellería de adscrición para a súa aprobación mediante orde, logo de ter o informe favorable da consellería competente en materia de facenda.
- c) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da entidade e da xestión da Xerencia.

- d) A aprobación dun informe xeral anual da actividade desenvolvida pola entidade e de cantos informes extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión, coa valoración dos resultados obtidos e a consignación das deficiencias observadas.
- e) A aprobación do anteproxecto de orzamentos anuais e a contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites que teña fixados.
- f) A aprobación das contas anuais e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, consonte a lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) A elaboración das propostas de modificación dos estatutos para propoñerlle á consellería de adscrición a súa elevación ao Consello da Xunta para a súa aprobación, logo do informe favorable das consellerías competentes en materia de administración pública e de facenda.
- h) O seguimento da execución dos orzamentos e do plan de actuación.
- i) O control da xestión da xerencia e a esixencia das responsabilidades que procedan.
- j) A creación de grupos de traballo técnicos, coa definición dos seus obxectivos, as súas funcións, a composición e a súa duración temporal, de ser o caso.
- k) Calquera outra función que poida serlle asignada pola normativa aplicable e cantos asuntos relacionados coas competencias do Instituto lle someta a persoa titular da Presidencia.

O Consello Reitor estará formado:

- a) Pola Presidencia.
- b) Por unha Vicepresidencia.
- c) Os/as seguintes vogais:
 - 1º. En representación dos axentes sociais: un/unha vogal en representación de cada un dos sindicatos que estean presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, nos

termos expostos na disposición adicional decimoterceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e o mesmo número de vogais designados por proposta das organización empresariais máis representativas da Comunidade Autónoma.

2º. En representación da Administración, un número de vogais suficiente para garantir a composición paritaria do consello Reitor:

- 1) A persoa titular da Xerencia do Instituto.
- 2) Un/unha vogal por cada unha das consellerías con competencias en materia de sanidade, minas e facenda, designado pola persoa titular da consellería respectiva de entre as persoas titulares dos seus órganos superiores ou de dirección.
- 3) No caso de ser necesario, os/as restantes vogais serán designados/as pola persoa titular da consellería competente en materia de traballo entre as persoas titulares dos seus órganos superiores ou de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

d) A Secretaría do Consello Reitor.

Como se indicou anteriormente, durante o ano 2014 o órgano colexiado de dirección do Instituto foi a Comisión de Goberno, segundo dispoñía o Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do ISSGA, norma actualmente derogada polo Decreto 165/2014. Este órgano sufriu diversos cambios producidos polo cesamento e toma de posesión de varias persoas tanto no ISSGA como nas consellerías de Traballo e Benestar e de Sanidade. Durante este ano a Comisión de Goberno estivo formado polas seguintes persoas:

Presidencia

Odilo Martiñá Rodríguez, director xeral de Traballo e Economía Social
(ata o día 26/09/2014)



María del Carmen Bouso Montero, directora xeral de Traballo e Economía Social (dende o día 06/10/2014)

Vicepresidencia

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade (ata o día 26/09/2014)

Josefina Monteagudo Romero, secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade (dende o día 27/09/2014)

Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Industria, Enerxía e Minas

Vogais

Adela Quinzá-Torroja García, directora do ISSGA

José Rega Piñeiro, subdirector xeral Técnico e de Planificación do ISSGA (ata o día 11/04/2014)

Fernando González Abeijón, subdirector xeral Técnico e de Planificación do ISSGA (dende o día 19/07/2014)

José Ignacio Garrote Freire, xefe do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (ata o día 10/10/2014)

Carlos Bellas Cebreiro e José Manuel Rodríguez Portela (a partir de novembro), UGT - Galicia

José Manuel Rodríguez Portela, polo sindicato Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT)

Ascensión Esteban Ceballos, polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras (CCOO)

Fernando Sabio Maroño, polo sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG)

Antón Arias Díaz-Eimil, pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Ovidio Pérez Reñones, pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

José Antonio Neira Cortés, pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Secretaría

Patricia García Antelo, subdirectora xeral de Administración e Persoal do ISSGA

Secretario suplente: **Eduardo Suárez Campo**, xefe do Servizo de Administración xeral do ISSGA

ACTIVIDADES DA COMISIÓN DE GOBERNO

- Reunión en sesión ordinaria o día 26 de marzo de 2014 coa seguinte orde do día:
 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior núm. 3/2013
 2. Sinistralidade laboral 2013: entrega do avance de datos e información da elaboración da publicación da operación estatística
 3. Informe de execución do plan de actividades 2013; entrega da memoria de actividades anual
 4. Oferta formativa 2014
 5. Información sobre a posta en marcha e coordinación para a execución do plan de actividades 2014
 6. Informe presentación plan de actividades 2014 nos Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral
 7. Publicacións elaboradas polo ISSGA
 8. Rolda de intervencións
- Reunión en sesión ordinaria o día 9 de xullo coa seguinte orde do día:
 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior núm. 1/2014

2. Informe de execución do plan de actividades 2014 período xaneiro-maio
 3. Presentación do informe final do mapa de risco químico no sector industrial (Lucía Ferrón Vidán)
 4. Presentación das fichas de investigación de accidentes no sector do agro
 5. Informe sobre a execución das actividades formativas e informativas na prevención de riscos laborais no sector primario
 6. Resposta á cuestión formulada á Fundación Laboral da Construción, a proposta da CIG, e información sobre a sinatura dun acordo de colaboración coa dita fundación
 7. Publicacións elaboradas polo ISSGA
 8. Rolda de intervencións
- Reunión en sesión ordinaria o día 17 de decembro de 2014 coa seguinte orde do día:
 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior núm. 2/2014
 2. Orzamento do ISSGA para o 2015
 3. Plan de actividades do ISSGA 2015
 4. Publicacións elaboradas polo ISSGA
 5. Rolda de intervencións

2.2 Órgano executivo

2.2.1 Xerencia

A Xerencia é o órgano executivo do Instituto, responsable da xestión ordinaria deste.

A persoa que exerce a titularidade da Xerencia é persoal funcionario con rango orgánico de subdirección xeral e é nomeada e cesada pola Presidencia do Instituto, logo da consulta ás organizacións representadas no Consello Reitor.

Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a persoa titular da Xerencia é suplida na totalidade das súas atribucións polas persoas responsables das subdireccións xerais do Instituto, e na orde de precedencia en que estas veñen referenciadas nos seus estatutos.

O Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do ISSGA, publicouse no DOG no mes de xaneiro de 2015. Durante o ano 2014 o órgano unipersoal de dirección e xestión do Instituto foi a Dirección.

A dirección do ISSGA durante este ano exerceuna **Adela Quinzá-Torroja García**, nomeada polo Decreto 361/2009, do 30 de xullo (DOG núm. 149, do 31 de xullo).

Correspóndelle á Xerencia do Instituto o desempeño da xestión ordinaria do Instituto, e exerce as seguintes funcións:

- a) Asistir a Presidencia do Consello Reitor no exercicio das súas funcións.
- b) Levar a cabo o asesoramento e os informes que lle solicite a Presidencia do Instituto.
- c) Elaborar o proxecto do plan anual de actividades, que incluíra as actuacións técnicas e a súa planificación temporal, e elevalo ao Consello Reitor.
- d) Elaborar a proposta de relación de postos de traballo do Instituto.
- e) Exercer a xefatura e dirección do persoal adscrito ao organismo.
- f) Elaborar as contas e o anteproxecto de orzamento para a súa presentación ao Consello Reitor.
- g) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar as unidades adscritas ao Instituto e ditar as disposicións, instrucións e circulares relativas ao seu funcionamento.

- h) Elaborar o informe anual coa relación de todas as actividades do Instituto para a súa aprobación polo Consello Reitor e remitilo ao Parlamento para o exercicio do control parlamentario.
- i) Proporcionar e recibir das consellerías con competencias concorrentes en materia de seguridade e saúde laboral canta información sexa precisa para o desenvolvemento das funcións en materia de seguridade e saúde laboral.
- j) Establecer a coordinación necesaria para garantir a cooperación institucional con todas as administracións na materia de prevención de riscos laborais.
- k) Desenvolver as actuacións de colaboración técnica coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- l) Colaborar coa Administración laboral, sanitaria, mineira, industrial e outras que o soliciten por razón da materia.
- m) Facilitarlle ao Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral canta información sexa precisa para o desenvolvemento das súas funcións e asistir ás súas reunións.
- n) Exercer as facultades non atribuídas especificamente a outros órganos do Instituto.
- o) Calquera outra que poida serlle asignada pola normativa aplicable ou que lle delegue ou encomende a persoa titular da Presidencia do Instituto ou o Consello Reitor.

2.3 Órganos de xestión

2.3.1 Subdirección Xeral de Administración e Persoal

Corresponde á Subdirección Xeral de Administración e Persoal:

- a) Executar o orzamento do Instituto.

- b) Efectuar a tramitación económico-administrativa dos expedientes de gasto e as propostas de pagamento e a xestión dos expedientes de contratación.
- c) Efectuar a habilitación de pagamentos e adquisición, xestión e control de medios materiais para o funcionamento ordinario do Instituto.
- d) Elaborar os informes de carácter económico ou administrativo que lle solicite a Xerencia.
- e) Xestionar os asuntos de réxime interior, rexistro, documentación administrativa, arquivo e inventario.
- f) Analizar, avaliar e elaborar as propostas de desenvolvemento normativo que correspondan ao Instituto.
- g) A coordinación da tramitación administrativa para a publicación dos acordos e convenios de colaboración que subscriba o Instituto.
- h) Coordinar coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica a xestión da rede e das aplicacións informáticas do Instituto.
- i) Realizar a xestión de persoal e nóminas e a coordinación do sistema de xestión de procedementos administrativos e outras cuestións de contido administrativo que lle atribúa a Xerencia.
- j) Levar a cabo a xestión de asuntos xerais tales como mantemento das instalacións ou vehículos adscritos.
- k) Practicar o seguimento e supervisión das actuacións económicas, administrativas e de persoal dos centros territoriais.
- l) Coordinar a publicación no Diario Oficial de Galicia e demais diarios ou boletíns oficiais das disposicións ou actos ditados polo Instituto.
- m) Prestar apoio para a elaboración tanto do plan anual de actividades como do informe anual das actividades realizadas no que se refire aos datos de xestión interna e dos asuntos propios da Subdirección.
- n) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia.

2.3.2 Subdirección Xeral Técnica e de Planificación

Corresponde á Subdirección Xeral Técnica e de Planificación:

- a) Elaborar o borrador do plan anual de actividades técnicas de acordo coas instrucións da Xerencia.
- b) A elaboración da proposta do informe anual das actividades.
- c) Planificar, coordinar e supervisar, con carácter xeral, as actuacións técnico-preventivas, incluídas as que executen nos centros territoriais, de acordo coas políticas establecidas e as actividades planificadas.
- d) Desenvolver as actuacións de colaboración técnica coa autoridade laboral e de apoio técnico e colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- e) Executar as actuacións de colaboración técnica con outras unidades con competencia en materia de seguridade e saúde laboral, especialmente coa autoridade laboral, sanitaria e mineira.
- f) Realizar o seguimento das actuacións de colaboración técnica con outros organismos públicos.
- g) Coordinar a participación técnica en grupos de traballo no ámbito estatal e autonómico.
- h) Levar a cabo a elaboración, control e seguimento dos acordos e convenios de colaboración.
- i) Impulsar a execución e coordinar as accións planificadas dos técnicos habilitados consonte o establecido no Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e o Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo.
- j) Elaborar os informes de carácter técnico que lle solicite a Xerencia.

- k) Exercer cantas funcións lle encomende a Xerencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Subdirección Xeral Técnica e de Planificación conta coa unidade administrativa Servizo Técnico e de Planificación.

2.3.3 Centros territoriais do ISSGA

No desenvolvemento das funcións do ISSGA, especialmente das de carácter técnico, é fundamental a actividade dos seus centros territoriais, que actúan como instrumentos de asesoramento, control e asistencia técnica das actividades en materia de prevención de riscos laborais, ao tempo que acollen actividades formativas e desenvolven labores de información.

Estes centros configúranse como órganos de ámbito territorial provincial do Instituto en cada unha das provincias aos cales lles corresponde o desenvolvemento das funcións propias deste no seu ámbito territorial.

Existe un centro territorial do ISSGA en cada unha das catro provincias galegas. A xefatura dos centros territoriais ten nivel de xefatura de servizo, e exerce as súas funcións baixo a dependencia xerárquica da Xerencia e funcional de cada unha das subdireccións xerais.

Corresponden á xefatura do centro, dentro do seu ámbito territorial, as seguintes funcións:

- a) Impulsar, coordinar e supervisar o funcionamento de todas as unidades do centro para dar cumprimento ao plan anual de actividades.
- b) Realizar a coordinación das distintas actividades e o control da súa execución e cantas outras accións sexan necesarias para o mellor cumprimento do plan anual de actividades, que incluírá a presentación periódica á Xerencia do Instituto dos resultados acadados, tanto cualitativos como cuantitativos.
- c) Manter, dentro da planificación establecida, a colaboración do centro con calquera outro órgano ou institución de ámbito

provincial para garantir a coordinación das accións en materia de prevención de riscos laborais.

- d) Presentar á Xerencia do Instituto propostas de actuacións técnicas e de carácter administrativo.
- e) Xestionar e tramitar electronicamente a notificación dos partes de accidentes de traballo, así como cursar a notificación das enfermidades profesionais e daquelas que, sen seren profesionais, teñen a súa orixe no traballo.
- f) Efectuar a organización e o control da xestión económica e do persoal adscrito ao centro, seguindo as instrucións e baixo a coordinación da Subdirección Xeral de Administración e Persoal.
- g) Dar cumprimento á investigación rápida e eficaz dos accidentes de traballo en coordinación coa autoridade laboral provincial, a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, servizos de emerxencia e fiscalía, dando conta de cada actuación á Dirección do Instituto.
- h) Garantir a colaboración, se é o caso, do persoal técnico do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral cos tribunais de xustiza.
- i) Cantas outras relacionadas con competencias do Instituto no ámbito territorial do centro ou que se lle encomende a Xerencia do Instituto.

Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa xustificada, as ditas funcións serán suplidas na totalidade das súas atribucións polas persoas responsables das unidades establecidas nos estatutos do ISSGA e na orde de precedencia en que estas veñen referenciadas.

A estrutura xeral dos centros territoriais do ISSGA indícase nas páxinas seguintes.


Centro ISSGA da Coruña




Centro ISSGA de Lugo



Centro ISSGA de Ourense



Centro ISSGA de Pontevedra



2.4 Outros órganos

2.4.1 Laboratorio de referencia de hixiene analítica

A Unidade de Hixiene Analítica situada no centro territorial do ISSGA en Pontevedra constitúese como laboratorio de referencia de hixiene analítica e desenvolve as súas funcións baixo a dependencia da Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

2.4.2 Unidade de formación, divulgación e documentación

A Xefatura de Sección de Formación do centro territorial do ISSGA en Ourense constitúese como a unidade de formación, divulgación e documentación xeral do ISSGA e desenvolve as súas funcións baixo a dependencia da Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.

2.4.3 Comisión para a Integración da Igualdade

O Instituto conta cunha comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos, correspóndelle á Subdirección Xeral Técnica e de Planificación a coordinación e xestión da dita comisión.

A Comisión estará presidida pola Xerencia, quen pode delegar en persoal do ISSGA, en función dos proxectos que se van a tratar en cada sesión, e dela poderán formar parte representantes da autoridade laboral e das unidades de igualdade dos departamentos da Xunta de Galicia.



3 Recursos

3.1 Recursos humanos

Para a xestión das súas funcións, o ISSGA conta, na súa relación de postos de traballo, cun total de 143 postos, dos que un 87,41% é persoal funcionario e un 12,59% é persoal laboral. O 86,71% ubícase nos centros provinciais e o 13,29% na sede do instituto en Santiago de Compostela.


A creación do instituto e a posta en marcha da súa estrutura orgánica e unidades administrativas supuxo a necesidade de creación de determinados postos de traballo que, xunto coa integración do persoal dos centros provinciais, deu lugar a unha modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Traballo e Benestar que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2008 e publicada no DOG do 14 de novembro.

Centro de traballo	Persoal funcionario	Persoal laboral	Total
Santiago de Compostela	19	0	19
A Coruña	33	7	40
Lugo	17	3	20
Ourense	15	3	18
Pontevedra	41	5	46
Total	125	18	143

DISTRIBUCIÓN POR CENTROS DE TRABAJO**DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍA LABORAL**

Os postos de persoal técnico de prevención de riscos laborais supoñen unha porcentaxe significativa respecto ao total do cadro de persoal, tal e como se reflicte no cadro da páxina seguinte.

Centro de traballo	Cadro de persoal	Cubertos	Técnicos de prevención de riscos laborais	Cubertos	Porcentaxe de técnicos
Santiago	19	17	7	6	36,84%
A Coruña	40	32	21	16	52,50 %
Lugo	20	18	13	11	65 %
Ourense	18	14	11	8	61,11 %
Pontevedra	46	33	24	15	52,17 %
Total	143	114	76	56	53,14%



Na sede da Dirección do ISSGA, a través da Subdirección Xeral de Administración e Persoal, realízanse as tarefas propias da xestión do persoal: tomas de posesión e cesamentos, redacción dos contratos do persoal laboral e prórrogas, licenzas e permisos, xestión das altas e baixas na Seguridade Social, incapacidades temporais, partes de alta, baixa e confirmación, etc.

3.2 Recursos económicos

O orzamento do ISSGA vén dado pola correspondente transferencia de crédito da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar.

O importe transferido correspóndese co orzamento de ingresos do que o Instituto dispón para a execución das súas actuacións durante o exercicio económico do 2014, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade dos servizos centrais e dos centros territoriais e investimentos de carácter material e inmaterial, así como para o cumprimento das accións incluídas no Plan anual de actividades do Instituto.

ORZAMENTO DE INGRESOS	
ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP III	480 €
ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP IV	5.477.202 €
ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP V	1.500 €
ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP VII	782.859 €
TOTAL	6.262.041 €

ORZAMENTO DE GASTOS	
CAPÍTULO I. GASTOS PERSOAL	4.834.316 €
CAPÍTULO II. GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS	644.866 €
CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS:	
Programa 324B	776.859 €
Programa 581A (Plan galego estatística)	6.000 €
TOTAL	6.262.041 €

3.3 Instalacións e dotación de medios

Contratación

Ao Instituto correspóndelle a xestión dos expedientes de contratación incluídos dentro do ámbito da súa competencia. No ano 2014 desenvolvéronse as seguintes actuacións:

- Contratación por lotes (3), polo procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria, documentalmente simplificado, dun servizo de formación en materia de prevención de riscos laborais en actividades do sector agro gandeiro e forestal (expediente PA 1/2014).
- Contratación, polo procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria, documentalmente simplificado, dun servizo consistente na organización e impartición de 40 cursos básicos de primeiros auxilios: actuacións ante os accidentes laborais, dirixidos a traballadores/as do sector agro gandeiro e forestal (expediente PA 2/2014).
- Contratación, polo procedemento aberto e multicriterio, documentalmente simplificado, dun servizo de limpeza no centro do ISSGA en Pontevedra (expediente PA 3/2014).

Así mesmo, participouse nos seguintes procedementos de contratación centralizada:

- Prórroga do contrato para a prestación do servizo postal e telegráfico da Xunta de Galicia.
- Prórroga do contrato derivado do acordo marco para a subministración sucesiva de combustible de calefacción, gasóleo C, a centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar (Expediente 47/2014).
- Prórroga do contrato para a subministración sucesiva por prezos unitarios e a través de tarxetas con soporte magnético, de

combustible de automoción para os vehículos de varios departamentos da Xunta de Galicia.

Informatización

Co obxectivo de contar cun sistema que sirva de apoio á xestión eficaz do organismo, e de acordo coas novas tecnoloxías, o instituto realizou as seguintes actuacións nesta área co apoio da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA):

- Aplicacións e bases de datos:
 - Melloras no sistema de información de sinistralidade laboral.
 - Desenvolvemento dunha nova funcionalidade do anterior sistema de información de sinistralidade laboral para a xestión dos partes de accidente laboral que non levan consigo baixa laboral, de tal xeito que se poida realizar un tratamento estatístico e buscas concretas de datos.
 - Desenvolvemento dunha nova base de datos de investigación de accidentes laborais.
 - E, de maneira xeral, mantemento, soporte, evolución e explotación relativos ás diferentes aplicacións e bases de datos manexados dende as áreas funcionais do ISSGA.

Instalacións e equipamento

Deuse continuidade ás necesidades de equipamento e adecuación das instalacións do ISSGA.

Así, adquiríronse novas cámaras fotográficas para facilitar o traballo de campo dos técnicos do ISSGA, así como para realizar reportaxes fotográficas que permitan ilustrar as publicacións técnicas editadas polo instituto.

No centro da Coruña mellorouse a sala de xuntas, coa disposición dunha tabiquería móbil que permite adaptar o espazo ao aforo de asistentes, e instalouse un novo sistema de detección contra incendios.

No centro de Pontevedra adquiríronse novos andeis para o departamento de hixiene industrial e unha fotocopiadora. Ademais instalouse un sistema de intrusión co obxecto de mellorar a seguridade das instalacións.

No centro de Ourense mellorouse o sistema de aire acondicionado.

3.4 Mellora da calidade

O Instituto comezou a elaborar no ano 2012 a súa Carta de Servizos cunha dobre finalidade: dar unha información transparente aos seus usuarios sobre os servizos que se prestan e adoptar compromisos para a unha mellora continua. A través deste instrumento de calidade póñense de manifesto cales son as expectativas dos cidadáns en relación aos diferentes servizos que lles presta o ISSGA, favorecendo a adopción daquelas medidas que fagan o seu traballo máis eficaz e eficiente.

Ao longo do ano 2014 profundouse no proceso de elaboración da carta, coa realización de 5 enquisas sobre determinadas actividades do organismo: actividades formativas, atención a consultas, Escola Galega de Prevención, revisións médicas e xornadas. Tamén se obtivo información sobre o nivel real de cumprimento das expectativas derivadas tanto da realización das enquisas como das indicadas no seo do grupo focal, co obxecto de poder asumir compromisos concretos e asumibles polo Instituto.

Non obstante, e a pesar do camiño percorrido ata o momento, formulouse a necesidade de reorientar todo o proceso para identificar máis claramente os servizos que o ISSGA pode ofrecer e que os usuarios poden solicitar, que determina que se pospoña no tempo a elaboración dunha carta auditada para poder realizar inicialmente unha carta base.

4 Actividade institucional

4.1 Accións de promoción: campañas, actos de presentación e participación en congresos e outros foros

Leváronse a cabo distintas accións de promoción, divulgación e sensibilización:

- **Promoción da prevención de riscos laborais a través da Escola Galega de Prevención**

A Escola Galega de Prevención é un espazo educativo específico para a introdución dos contidos sobre a Prevención de Riscos Laborais na poboación escolar de Galicia. É un reforzo para a aprendizaxe de hábitos e actitudes cara a saúde e seguridade no traballo no futuro.

A escola inclúe un itinerario de riscos no fogar, na rúa, na escola e no traballo futuro para achegar a mensaxe da prevención aos nenos e nenas galegas. Co deseño de actividades en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para escolares de educación primaria, constitúe unha actividade itinerante para inculcar e espallar nas primeiras idades a vocación preventiva dun xeito didáctico, ameno e divertido e que os rapaces aprendan a integrar a prevención no día a día e actúen de correo de transmisión desta concienciación cara aos seus maiores. No pasado ano as súas actividades desenvolvéronse no centro do ISSGA en Ourense.

■ Programa de Desenvolvemento Rural Sostible

O Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sustentable en aplicación da Lei 45/2007, do 13 do decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, recolle como unha das actuacións do programa a 1.22.-CA.3 relativa a información e formación profesional ocupacional e continua das persoas traballadoras.

Ao amparo do convenio asinado o 7 de maio de 2012 entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2012-2016, o ISSGA desenvolveu distintas accións formativas e informativas de acordo cos plans de zonas rurais.

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE

9 talleres prácticos de prevención de riscos laborais en explotacións de gando vacún de leite

1 taller práctico de prevención de riscos laborais en explotacións de gando vacún de carne

1 taller práctico de prevención de riscos laborais en mecanización do cultivo da pataca

2 talleres prácticos de prevención de riscos laborais en explotacións agrícolas de horta

16 talleres de prevención de riscos laborais en explotacións vitivinícolas

4 talleres sobre refresco na aplicación da normativa e boas prácticas para a seguridade e saúde laboral dirixidos a persoas traballadoras do sector da pesca – Recolección de percebe a flote e a pé

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE

1 taller sobre refresco na aplicación da normativa e boas prácticas para a seguridade e saúde laboral dirixidos a persoas traballadoras do sector da pesca – Pesca extractiva

21 cursos básicos de primeiros auxilios dirixidos a traballadores do sector agrogandeiro e forestal

15 cursos de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria forestal. Manexo práctico de motoserra e rozadoira

15 cursos de prevención de riscos laborais en explotacións agrogandeiras

15 cursos de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria agrícola. Manexo práctico do tractor e os seus apeiros

2 cursos de prevención de riscos laborais no manexo de grandes máquinas agropecuarias

2 cursos de prevención de riscos laborais no uso sostible de produtos fitosanitarios e no manexo de maquinaria profesional de aplicación de fitosanitarios

100 Escola de saúde en prevención de riscos laborais para mariscadoras/es

1 xornada técnica de presentación das Fichas de investigación de accidentes no sector agrario do ISSGA

1 xornada técnica de prevención de riscos laborais no sector da lousa

1 xornada técnica de prevención de riscos laborais en adegas

1 obradoiro sobre a prevención de riscos laborais en adegas

1 obradoiro sobre a prevención de riscos laborais no agro

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE

Os Atende do ISSGA:

- A muller no agro: embarazo e lactación
- Prevención de riscos nos traballos de limpeza e desinfección no sector agroalimentario
- Os produtos químicos no agro
- Prevención de riscos co tractor, a motoserra e a rozadoira

Os Lembra do ISSGA:

- Equipos de traballo
- Prevención de trastornos musculoesqueléticos

Os Mellora do ISSGA_ Prevención de riscos na lousa

Os Actúa do ISSGA_ Prevención de riscos en adegas

Prevención de riscos no tractor: cartel e tríptico

Folla de prevención sobre a exposición laboral a fitosanitarios

Manual do alumno e DVD sobre prevención de danos musculoesqueléticos nas traballadoras do mar

DVD Mantendo o equilibrio

DVD Prevención a fondo

DVD Prevención de danos músculo-esqueléticos nas traballadoras do mar

DVD Guía de boas prácticas ISSGA. Saúde laboral no marisqueo a pé

DVD Seguridade e saúde dos traballadores do sector pesqueiro (reedición)

Fichas de investigación de accidentes no sector agrario

Prevención de riscos laborais. Curso de capacitación para o desempeño de nivel básico

- Presentación aos medios de comunicación do Plan de actividades 2014 e avance dos datos da sinistralidade laboral en Galicia no 2013

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro

- Acto de sinatura do Convenio de Colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación en materia de prevención de riscos laborais

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro

- Participación con dous obradoiros no 9º Salón da Prevención e Seguridade Laboral (PREVISEL)

Ourense, 9 e 10 de abril

- Participación da directora do ISSGA no XII Congreso Internacional de Prevención de Riscos Laborais

Zaragoza, do 21 ao 23 de maio

- Acto de sinatura do Convenio de colaboración coa Fundación Laboral da Construción (FLC) para o recoñecemento da formación preventiva impartida polo ISSGA para efectos da obtención da tarxeta profesional da construción (TPC)

Santiago de Compostela, 7 de maio

- Acto de sinatura do Acordo marco de colaboración coa Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais (SGPRL), para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo

Santiago de Compostela, 31 de xullo

- Acto de sinatura do Acordo marco de colaboración coa Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (APROSAL),

para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo

Santiago de Compostela, 1 de setembro

- Participación da directora do ISSGA na VIII Semana Galega de Seguridade na Mariña

Xove, 23 de setembro

- Participación cun posto informativo no 5º Encontro Nacional de Prevención de Riscos Laborais

Gijón, 25 e 26 de setembro

- Participación cun posto informativo en Expolugo 2014

Lugo, 4 e 5 de outubro

- Participación dun técnico do ISSGA no Congreso galego de prevención de riscos psicosociais no ensino, organizado polo sindicato CSI-CSIF

Santiago de Compostela, 11 de outubro

- Presentación do Manual de Seguridade no Laboratorio

Santiago de Compostela, 17 de outubro

- Participación cun posto informativo no IV Congreso de Prevención de Riscos Laborais da Comunidade de Madrid

Madrid, 27 e 28 de outubro

- Participación dunha técnico do ISSGA no 9º Congreso Nacional de Ergonomía e Psicosocioloxía

Avilés, 15 de novembro

- Acto de sinatura do Acordo marco de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para a promoción e colaboración en actuacións de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo para o colectivo de persoas xordas de Galicia

Santiago de Compostela, 21 de novembro

4.2 Publicacións

Ao longo deste ano o ISSGA vén de publicar unha serie de documentos que se poden descargar da súa páxina web en formato dixital.

- **Follas de Prevención**

Publicación periódica, en galego e castelán, en formato papel ou dixital coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais, editáronse as seguintes:

- Exposición laboral a fitosanitarios (reedición)

- **Plan de actividades ISSGA 2014**

Comprende as principais liñas de traballo e actuacións técnicas do ISSGA para o ano 2014.

- **Programa de actividades formativas do ISSGA 2014**

Editado en formato papel, tamén esta dispoñible na páxina web.

- **Estudo dos accidentes laborais non traumáticos 2011-2012**

Para a realización deste estudo, realizáronse descargas dos partes de accidentes de traballo por causas non traumáticas acontecidos en Galicia entre os anos 2011 a 2012 inclusive segundo a data de baixa do/a traballador/a que consta no parte.

- **Avance da sinistralidade laboral en Galicia 2013**

Publicación na que se amosan datos de interese estatístico con carácter previo á publicación do Anuario de sinistralidade laboral.

- **Informe de actividade 2013**

Durante o primeiro trimestre do ano elaborouse o informe das actividades realizadas durante todo o ano 2013. Este documento tamén está dispoñible na páxina web do ISSGA.

- **Anuario de sinistralidade laboral en Galicia 2013**

Monografía dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2013.

- **Informe sobre o programa de protección das traballadoras embarazadas 2011 e 2012**

Entre as funcións atribuídas ao Instituto esta a de estudar e vixiar as condicións de traballo que poidan resultar nocivas ou insalubres durante os períodos de embarazo e lactación da muller traballadora, para acomodar no caso necesario a súa actividade laboral a un traballo compatible durante os períodos referidos.

- **Análise da sinistralidade en sectores feminizados 2011**

Este estudo non pretende abordar unha análise da saúde laboral, senón só da parte correspondente ás características dos accidentes laborais e as súas diferenzas segundo o sexo.

- **Estudo da avaliación do risco psicosocial. Proxecto e resultados**

O obxecto deste estudo é comparar dous métodos de entre os máis estendidos e utilizados, pero con variacións significativas entre eles, para analizar as diferenzas, sobre todo, en canto a operatividade e sinxeleza no seu uso ou en interpretación dos resultados.

■ Publicacións Audiovisuais

- DVD Mantendo o equilibrio.
- DVD Prevención a fondo
- DVD Prevención de danos músculo-esqueléticos nas traballadoras do mar
- DVD Guía de boas prácticas ISSGA. Saúde laboral no marisqueo a pé
- DVD Seguridade e saúde dos traballadores do sector pesqueiro (reedición)

■ Os Atende do ISSGA

Publicación en galego e castelán, en formato papel ou dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais no sector agrario. Editáronse as seguintes:

- A muller no agro: embarazo e lactación
- Prevención de riscos nos traballos de limpeza e desinfección no sector agroalimentario
- Os produtos químicos no agro
- Prevención de riscos co tractor, a motoserra e a rozadoira

■ Os Lembra do ISSGA

Publicación en galego e castelán, en formato papel ou dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais no sector pesqueiro. Editáronse as seguintes:

- Equipos de traballo
- Prevención de trastornos musculoesqueléticos

- Os Mellora do ISSGA

Publicación en galego e castelán, en formato papel ou dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais no sector da pedra. Editáronse as seguintes:

- Prevención de riscos na lousa

- Os Actúa do ISSGA

Publicación en galego e castelán, en formato papel ou dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais no sector das adegas. Editáronse as seguintes:

- Prevención de riscos en adegas

- Prevención de danos músculo-esqueléticos nas traballadoras do mar. Manual do alumno

Este manual pretende dar resposta á necesidade de ter unha ferramenta escrita que apoie a formación na prevención de danos músculo-esqueléticos para as traballadoras do mar. Está dividido en 9 grandes bloques, dos cales os dous primeiros explican dunha forma moi breve o que significa a prevención de riscos e como a ciencia da ergonomía pode aplicarse ao traballo diario, mentres que nos seguintes sete bloques explícanse unha serie de exercicios que se asocian ao grupo muscular que pode estar danado.

- Cartel. Prevención de riscos no tractor

Cartel para concienciar dos riscos do manexo do tractor e dos seus aparellos e informar de cales son as causas máis recorrentes dos sinistros; e, doutra banda, como órgano técnico en materia de prevención, facilitar recomendacións básicas, que, de terse sempre

en conta, evitarían os accidentes ou, cando menos, minimizarían a súas consecuencias.

- **Tríptico. Prevención de riscos no tractor**

Tríptico informativo para concienciar dos riscos do manexo do tractor e dos seus aparellos e informar de cales son as causas máis recorrentes dos sinistros; e, doutra banda, como órgano técnico en materia de prevención, facilitar recomendacións básicas, que, de terse sempre en conta, evitarían os accidentes ou, cando menos, minimizarían a súas consecuencias.

- **Boas prácticas en prevención de riscos laborais. Manual de seguridade no laboratorio**

Este manual proporciona información básica para desenvolver o traballo de laboratorio en condicións seguras en consonancia co que marca a lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais. Ademais de abordar os principais perigos e riscos, a guía inclúe normas de conduta e protocolos de actuación en caso de accidente.

- **Mapa do risco químico. Sector industrial**

Nesta publicación preséntanse e analízanse os resultados da execución do programa de redución (PR) denominado “Mapa de risco químico de Galicia” reflectido no Plan de actividades do ISSGA nos anos 2010, 2011 e 2012 (código PR 15) e 2013 (código PR 12).

- **Fichas de investigación de accidentes no sector agrario**

Seleccionáronse aqueles 19 accidentes laborais máis representativos pola súa frecuencia ou gravidade e, a partir da investigación que realizaron os técnicos do ISSGA.

- **Guía técnica ISSGA Prevención de riscos ergonómicos Actividade da distribución de alimentación**

A guía pretende sinalar onde están os puntos máis problemático nas tarefas que adoitan realizar os traballadores.

- **Manual do curso de capacitación para o desempeño de nivel básico en prevención de riscos laborais**

Reedición dos manuais formativos dos cursos de prevención de riscos laborais que capacitan para exercer as funcións de nivel básico que se imparten dentro da oferta formativa do ISSGA.

4.3 Consultas técnicas

O ISSGA ten establecido un protocolo de resposta ás consultas técnicas que os cidadáns poden formular. Este protocolo pretende dar resposta ás consultas que entran no ISSGA, cun criterio común e un límite de tempo establecido para garantir un estándar de calidade neste servizo.

As consultas técnicas poden chegar ao ISSGA de diversos xeitos, entre os que destacamos:

- **Páxina web do ISSGA:** na páxina existe unha sección chamada Contacta connosco no que o usuario só ten que cubrir un formulario para enviar a súa consulta
- **Teléfono:** os usuarios poden chamar directamente aos centros territoriais ou á Dirección do ISSGA
- **Outros medios:** correo postal, escritos ou instancias que entren por rexistro, fax, etc.

O número de consultas técnicas atendidas é o seguinte:

Consultas recibidas a través da web	262
-------------------------------------	-----

Ademais destas consultas técnicas o ISSGA tamén dá resposta a outro tipo de cuestións relacionadas cos cursos programados e coa dispoñibilidade de material didáctico ou solicitudes de publicacións e outro material impreso.

4.4 Formación interna

Ao longo do ano 2014 realizáronse accións formativas de actualización e mellora para os técnicos do ISSGA.

- **Prevención de riscos psicosociais. Aplicación do Sistema de Análise Triangular do Acoso (SATA 3.0)**

Realizada no centro ISSGA da Coruña o día 14 de marzo. Esta acción realízase en virtude do convenio de colaboración asinado entre a Escola Galega de Administración Pública e o ISSGA, atendendo ao obxectivo de cualificación técnica e profesional dos seus técnicos, ofrecéndolles formación continua, de xeito permanente. O seu obxectivo foi a difusión de principios - guía sobre o acoso laboral así como de claves metodolóxicas específicas para a realización de avaliacións, análises de resultados e elaboración de informes.

Asistentes: 38

- **Exposición ao amianto nos edificios. Xestión do risco**

Realizada na EGAP (Santiago de Compostela) os días 6 e 7 de maio. Esta acción foi incluída pola EGAP na súa programación formativa anual que ten como finalidade principal formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. O seu obxectivo foi formar aos técnicos sobre a correcta xestión do risco derivado da presenza de materiais con amianto nos edificios

Asistentes: 29

- **A aplicación SERPA**

Realizada dúas edicións; unha no centro ISSGA da Coruña e outra no Centro ISSGA de Pontevedra o días 12 e 13 de maio. O obxectivo desta iniciativa é que todos os técnicos do ISSGA coñezan e utilicen a información sobre os servizos de prevención que proporciona esta aplicación para as súas actuacións técnicas, tanto nas tarefas de investigación, asistencia técnica e asesoramento como no desenvolvemento dos distintos programas e plans recolleitos no seu Plan anual de actividades.

Asistentes: 43

- **II Curso para técnicos en prevención de riscos laborais para actuacións en buques de pesca**

Realizado no centro ISSGA de Pontevedra e no Porto de Vigo os días 1, 2 e 3 de outubro. Esta acción formativa tivo como destinatarios, ademais do persoal do ISSGA, técnicos dos Institutos de Seguridade e Saúde Laboral de Asturias, Cantabria, País Vasco e INSHT, e actualizou a formación técnica especializada para o persoal técnicos que realizan actividades de prevención nos buques de pesca para a mellora das condicións de traballo no sector.

Asistentes: 40

- **Prevención de riscos psicosociais. Identificación e avaliación**

Realizada no centro ISSGA de Lugo os días 7 e 8 de outubro. Esta acción realízase en virtude do convenio de colaboración asinado entre a Escola Galega de Administración Pública e o ISSGA, atendendo ao obxectivo de cualificación técnica e profesional dos seus técnicos, ofrecéndolles formación continua, de xeito permanente. O seu obxectivo foi proporcionar formación sobre a prevención de trastornos psicosociais, identificando os factores de risco, avaliándoos e a realización de informes.

Asistentes: 23

- **Investigación da enfermidade profesional**

Realizada no centro ISSGA da Coruña o día 31 de outubro. Formación teórica e práctica sobre a abordaxe epidemiolóxica da enfermidade profesional e o estudo dos brotes, e as responsabilidades empresariais por incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais na enfermidade profesional e outras cuestións formuladas coa súa investigación.

Asistentes: 23

4.5 Participación en grupos de traballo e xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades

4.5.1 Grupos de traballo de ámbito autonómico

DO CONSELLO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

No seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, acórdase a constitución de dous grupos técnicos de traballo (amianto e silicose) co fin de contribuír á mellora das condicións de traballo e á prevención dos riscos específicos relacionados con cada un dos grupos de traballo, establecendo medidas de asistencia e apoio ás empresas.

Grupo de traballo de amianto

Finalidade: facer un seguimento do grao de cumprimento da normativa sobre amianto na nosa comunidade, e propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa, ou mesmo impulsar iniciativas xa postas en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas. As actuacións, dirixidas a diferentes colectivos e sectores se é o caso, poderán ser de tipo informativo, de asesoramento, ou de estudo/investigación para

a mellora das medidas técnicas de prevención e protección nos traballos con amianto.

Grupo de traballo de silicose

Finalidade: seguimento do grao de cumprimento da normativa aplicable en materia de prevención de riscos laborais nos traballos con maior exposición a po de sílice na nosa comunidade autónoma. Propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa e dos métodos de avaliación da exposición, sen deixar de lado outros riscos hixiénicos aos que está exposto este sector. Impulsar iniciativas xa postas en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas dirixidas a estes mesmos fins.

DO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Grupo de traballo para establecer as actuacións en materia de prevención de riscos laborais no ámbito educativo

Finalidade: estudar as actuacións máis idóneas e necesarias para acadar o obxectivo final de integrar a prevención de riscos laborais no ámbito educativo e elevar as propostas de accións ás consellerías con competencia en materia de traballo e educativa.

Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais

Por resolución do 20 de setembro de 2010 da dirección do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral créase a Comisión Permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais, con base no disposto no Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do ISSGA (norma actualmente derogada polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do ISSGA).

A súa finalidade é propoñer as directrices de avaliación do risco para a saúde da traballadora embarazada, que dese a luz recentemente ou en

período de lactación; asesorar as actuacións especiais en materia de prevención de riscos sobre sectores laborais feminizados que realice a Administración pública autonómica e atender as peticións de asesoramento que reciba, para o que se facilitarán os criterios e as alternativas para unha correcta aplicación da prevención de riscos laborais.

OUTROS

Grupo de traballo VLA-ED por inhalación de po e sílice

Finalidade: obter información sobre as tecnoloxías e procesos de traballo que minimicen as concentracións de po nos lugares de traballo expostos ao po de sílice cristalina. Neste grupo participou tamén a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, o Instituto Nacional de Silicose, a Mutua Fremap e representantes dos sectores da lousa, areas e granitos.

Grupo de traballo sobre novo decreto de residuos sanitarios

Finalidade: elaboración dun novo decreto de xestión de residuos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.5.2 Grupos de traballo de ámbito estatal

COMISIÓN NACIONAL DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST) é o órgano colexiado asesor das administracións públicas na formulación das políticas de prevención e o órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo (artigo 13 da Lei de prevención de riscos laborais).

Para o desempeño dos seus labores, a CNSST funciona en pleno, en comisión permanente e en grupos de traballo, conforme a normativa que establece o seu regulamento de funcionamento interno.

É de destacar a intensa actividade dos grupos de traballo, grazas á cal se presentaron ao pleno propostas e documentos de traballo que abordan a situación dea prevención de riscos laborais en diferentes sectores de actividade e, propoñen á súa vez, medidas tendentes á mellora das condicións de seguridade e saúde dos traballadores.

Estes son os grupos de traballo nos que traballa algún membro do ISSGA representando á nosa comunidade autónoma:

Grupo de traballo da Estratexia española de seguridade e saúde no traballo

Finalidade: seguimento das accións incluídas na Estratexia española de seguridade e saúde no traballo e avaliación do cumprimento dos seus obxectivos.

Grupo de traballo da educación e formación en prevención de riscos laborais

Finalidade: formular propostas encamiñadas a potenciar a formación en materia de prevención de riscos laborais que permitan desenvolver o establecido no obxectivo 6 da Estratexia española de seguridade e saúde no traballo (2007-2012): a elaboración e implantación do Plan nacional de formación.

Grupo de traballo do amianto

Finalidade: estudo da evolución da situación española sobre riscos e patoloxía por amianto, así como ao seguimento sobre o cumprimento e a eficacia do preceptuado pola normativa sobre amianto, para o que se propón a adopción de medidas sobre a prevención fronte aos devanditos riscos ou, no seu caso, a modificación e actualización da citada normativa.

Grupo de traballo dos traballadores autónomos

Finalidade: estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo deste colectivo e proposta de liñas de investigación coa promoción e o apoio da prevención, a realización de campañas de información, a formación

preventiva e a cualificación suficiente deste colectivo e o acceso á vixilancia específica da saúde.

Grupo de traballo da construción

Finalidade: a análise e seguimento da aplicación da normativa de prevención de riscos laborais ao sector da construción.

Grupo de traballo do sector agrario

Finalidade: estudo e seguimento da aplicación da normativa preventiva no sector agrario.

Hai tres subgrupos que funcionan asociados a este grupo nos que tamén participa o ISSGA:

- Subgrupo Vixilancia da saúde no sector agrario
- Subgrupo Riscos laborais e xénero no sector agrario
- Subgrupo Maquinaria agrícola

Grupo de traballo do Plan Prevea

Finalidade: implantación e desenvolvemento do denominado Plan Prevea (programa voluntario de redución de accidentes). Os traballos deste grupo orientáronse aos seguintes obxectivos:

- Deseño da estratexia de implantación do programa experimental nas comunidades autónomas, en caso de acordo nese sentido polos órganos de coordinación da Inspección de Traballo e Seguridade Social- comunidades autónomas, logo de consultar a Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Seguimento dos resultados obtidos polo programa ao longo do período de aplicación da Estratexia 2007-2012.

Grupo de traballo dos valores límite

Finalidade: implantar e actualizar anualmente un sistema nacional de valores límite indicativos, referidos á exposición a axentes químicos no ambiente de traballo, co fin de prever os posibles riscos que puidesen entrañar para os traballadores.

Cada ano o grupo eleva ao pleno para a súa aprobación o documento Límites de exposición profesional para axentes químicos en España.

Grupo de traballo dos trastornos musculoesqueléticos

Finalidade: elaboración dun plan de acción para reducir os trastornos musculoesqueléticos. Os traballos deste grupo oriéntanse aos seguintes obxectivos:

- Análise dos estudos realizados e das fontes de información das que dispoñen as administracións públicas, sobre accidentes de traballo notificados por sobreesforzos.
- Análise das ferramentas, métodos, estudos técnicos, así como material de difusión sobre trastornos musculoesqueléticos que elaboraron os distintos axentes e administracións dedicadas á prevención, co obxecto de coñecer o estado de situación e propoñer accións de mellora.
- Fomentar a coordinación e cooperación entre as administracións públicas e entidades privadas.

Grupo de traballo dos riscos psicosociais

Finalidade: análise e seguimento das políticas públicas desenvolvidas en relación cos riscos psicosociais, plan de actuación destinado a sensibilización destes riscos e proposta das medidas oportunas.

Grupo de traballo da seguridade viaria laboral

Finalidade: estudo dos accidentes de tráfico laborais. Os traballos deste grupo oriéntanse aos seguintes obxectivos:

- Analizar os datos estatísticos dos accidentes de tráfico laborais.
- Analizar a problemática derivada dos accidentes de tráfico laborais en xornada de traballo e propoñer medidas que se deban adoptar.

COMITÉ TÉCNICO MIXTO DO MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL-CCAA PROPOSTOS POLO INSHT ÁS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Grupo de traballo: Base de situacións de traballo- caracterización de situacións de exposición a axentes químicos

Finalidade: crear unha base de datos de situacións de traballo que impliquen exposición potencial a axentes químicos e que sirva de consulta e referencia en situacións reais similares ás que describa a base.

Grupo de unificación de criterios estatísticos de sinistralidade laboral

Finalidade: detección e solución dos problemas detectados na tramitación dos partes de accidente de traballo, discutir posibles melloras no sistema. Conseguiir unha metodoloxía común para a elaboración das estatísticas de sinistralidade laboral.

Rede de institutos públicos para a investigación de prevención de riscos laborais

Finalidade: búscase potenciar a capacidade técnica dos institutos de prevención de riscos, mediante a coordinación de actividades que poida considerarse de investigación, para evitar redundancias e mellorar o aforro en custos mediante traballos de colaboración, así como busca de financiamento dos traballos de investigación que se propoñan e se consideren de interese para a rede.

Grupo base de situacións perigosas en máquinas (BSTPMAQ)

Finalidade: recoller situacións perigosas de traballo con máquinas, seleccionalas, analízalas realizando unha avaliación de riscos que permita unificar os criterios aplicables en cada caso e definir as medidas preventivas correspondentes, de maneira que sexan un modelo que se ha seguir para os que estean expostos a situacións semellantes. Especialmente dirixido a pequenas e medianas empresas, microempresas e traballadores autónomos.

Grupo de traballo: Análise cualitativa da mortalidade por accidente de traballo

Finalidade: coñecer as causas dos accidentes de traballo e as características asociadas relevantes para a súa prevención. Na actualidade recollen información sobre os accidentes graves ocorridos e mortais, de acordo cos cambios metodolóxicos introducidos a partir do 01/01/08.

Grupo de traballo: Amianto

Finalidade: aplicación do Real decreto 396/2006 nas diferentes comunidades autónomas. Unificación de criterios.

AENOR (ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE NORMALIZACIÓN)

Comité Técnico AEN/CTN81 "Prevención e Medios de Protección Persoal e Colectiva no Traballo"

Grupo de traballo de Amianto de Aenor

OUTROS

Grupo RICISST (Rede de Institutos e Centros de Investigación en Seguridade e Saúde no Traballo)

Finalidade: elaboración dun documento sobre a evidencia científica en cancro de pulmón por exposición laboral á sílice cristalina.

4.5.3 Grupos de traballo con outras comunidades autónomas

Grupo sector pesqueiro dos institutos de seguridade e saúde laboral da costa cantábrica

Este grupo está formado polos institutos de seguridade e saúde laboral de Galicia (ISSGA), Asturias (IAPRL), Cantabria (ICASST) e País Vasco (OSALAN).

Finalidade: elaborar e divulgar documentación para a vixilancia da saúde no sector pesqueiro.

4.6 Xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades

O ISSGA colaborou na organización de actividades formativas coas entidades que se relacionan.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ISSGA. Santiago de Compostela

- Charla na 10ª edición da Semana Cultura IES Lamas de Abade

Centro ISSGA. Lugo

- Charla sobre cancro e actividade laboral en Guitiriz organizada pola Facultade de Ciencias do Traballo de Lugo - Universidade da Coruña.
- Charlas sobre primeiros auxilios de prevención de riscos laborais ao CIFP As Mercedes
- Charla sobre marco normativo, riscos hixiénicos e primeiros auxilios no IES Lois Peña Novo
- Charla sobre primeiros auxilios no IES San Sillao

Centro ISSGA. Ourense

- Charla sobre prevención de riscos laborais e o programa Agader aos alumnos do Grao de Enxeñaría Agraria na Facultade de Ciencias do Campus de Ourense

Centro ISSGA. Pontevedra

- Visita didáctica do Centro Educativo Aloya de Vigo
- Visita didáctica do IES Politécnico de Vigo

Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña e a Asociación de Graduados Sociais de Ferrol

Centro ISSGA. A Coruña



- Presentación dos relatorios das XIV Xornadas Galegas sobre condicións de traballo e saúde

Consellería do Medio Rural e do Mar

Centro ISSGA. Ourense

- Curso de aplicador de fitosanitarios. Nivel cualificado

EGAP - Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Centro ISSGA. Ourense

- Curso Prevención de riscos laborais: primeiros auxilios e loita contra incendios

Concello de Vicedo

Centro ISSGA. Lugo

- Charla sobre primeiros auxilios e prevención de riscos laborais. Obradoiro de emprego Río Sor

Inspección de Trabajo y Seguridad Social

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada sobre o sector forestal para os Inspectores de Traballo da Coruña

Instituto Social de la Marina - ISM

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada de seguridade a bordo na Confraría de Pescadores de Burela

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada sobre seguridade marítima dirixida ao sector pesqueiro, arrastre, palangre e cerco en Santa Uxía de Ribeira

Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laboral – OSALAN

Centro ISSGA. A Coruña

- Xornada sobre o futuro da xestión sanitaria dos servizos de prevención. Reflexións a tres anos do Rd 843/2011

Comisiones Obreras - CCOO

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada sobre saúde laboral en Santiago de Compostela

Confederación Intersindical Galega - CIG

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica sobre enfermidades profesionais derivadas de los trastornos musculoesqueléticos

Central Sindical Independiente y de Funcionarios – CSI-CSIF

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica sobre Saúde laboral e prl para empregados públicos

Centro ISSGA. Ourense

- Congreso galego de riscos psicosociais no ensino: xestión de emocións e realidades en Mupega – Santiago de Compostela



Unión Sindical Obrera - USO

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada técnica sobre a fatiga e os accidentes laborais de tráfico

Centro ISSGA. Pontevedra

- Charla sobre mantemento preventivo na Fundación ONCE – Vigo

Asociación de Empresarios da Construción de Ourense - ACO

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnicas sobre prevención de riscos laborais en Ourense, O Barco e Verín

Confederación de Empresarios da Coruña - CEC

Centro ISSGA. A Coruña

- Xornada sobre a avaliación dos TME na distribución de alimentación
- Xornada sobre empresa saudable. Empresas 3.S . Segura, sa e saudable

Asociación Española de Dirección e Desenvolvemento de Persoas (AEDIPE)

Centro ISSGA. A Coruña

- Xornada técnica sobre empresas saudables

Asociacións Española e Asturiana de Prevención

Centro ISSGA. A Coruña

- Mesa sobre experiencias prácticas na que se presentou a Guía de riscos ergonómicos no sector da distribución de alimentos dentro do 9º Congreso Nacional de Ergonomía e Psicosocioloxía

Cooperativa de Armadores de Vigo - ARVI

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica sobre prevención de riscos laborais no sector pesqueiro

Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia - Aprosál

Centro ISSGA. Pontevedra

- IV Seminario prevención aplicada

Confraría de Pescadores de Celeiro

Centro ISSGA. Pontevedra

- XIX Xornadas técnicas de difusión no sector pesqueiro

Escola Superior de Restauración e Conservación de Bens Culturais de Galicia

Centro ISSGA. Pontevedra

- Charla introdutoria á prevención de riscos laborais en traballos de conservación e restauración

Sociedad Gallega de Prevención de Riesgos Laborales

ISSGA. Santiago de Compostela

- Xornadas da Sociedad Gallega de Prevención de Riesgos Laborales na Facultade de Ciencias de Lugo

Fremap

Centro ISSGA. A Coruña

- Xornada técnica sobre xestión do stres
- Xornada técnica sobre as continxencias profesionais e a prevención como elemento diferenciador no traballo autónomo
- Taller sobre a auditoría interna dos sistemas de xestión da seguridade e saúde no traballo
- Xornada informativa sobre as novidades formativas do RD 625/2014

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada técnica sobre traballos con plaguicidas. Control de riscos hixiénicos
- Xornada técnica sobre trastornos musculoesqueléticos no ámbito laboral
- Xornada técnica sobre exposición laboral a radiacións ópticas
- Xornada técnica sobre liderar e motivar en seguridade e saúde laboral. Liderado visible

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica sobre liderar e motivar en seguridade e saúde laboral. Liderado visible

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica sobre os introdución aos regulamentos europeos sobre substancias e mesturas químicas: REACH e CLP.
- Xornada técnica sobre xestión integrada do stres
- Xornada técnica sobre o marco de responsabilidades na integración da prevención de riscos laborais
- Xornada técnica sobre coordinación de actividades empresariais

Alcoa

Centro ISSGA. Lugo

- VIII Semana Seguridade e Medioambiente en A Mariña

Gas Natural Fenosa

Centro ISSGA. A Coruña

- Curso sobre operacións de rede para empresas contratistas de operacións de mantemento MT/BT UFD
- Curso sobre réxime especial de explotación empresas contratistas de tala e poda MT/BT UFD

Centro ISSGA. Lugo

- Curso sobre operacións de rede para empresas contratistas de operacións de mantemento MT/BT UFD
- Curso sobre réxime especial de explotación empresas contratistas de tala e poda MT/BT UFD

Centro ISSGA. Ourense

- Curso sobre operacións de rede para empresas contratistas de operacións de mantemento MT/BT UFD
- Curso sobre réxime especial de explotación empresas contratistas de tala e poda MT/BT UFD

Centro ISSGA. Pontevedra

- Curso sobre operacións de rede para empresas contratistas de operacións de mantemento MT/BT UFD
- Curso sobre réxime especial de explotación empresas contratistas de tala e poda MT/BT UFD
- Curso de formación sobre reciclaxe de risco eléctrico
- Curso Réxime Especial de Explotación e traballos en descargo para empresas contratistas



Gas Natural Fenosa / Segade

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada sobre prevención de riscos laborais no sector eléctrico

Expourense

Centro ISSGA. Ourense

- Obradoiros sobre prevención de riscos laborais en adegas_Feira PREVISEL
- Obradoiro sobre prevención de riscos laborais no agro_Feira PREVISEL
- Xornada técnica sobre prevención de riscos laborais e protección do medio ambiente_Feira FUNERGAL

5 Relacións con outros organismos

5.1 Convenios e acordos de colaboración

- Convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación en materia de prevención de riscos laborais.

Data de sinatura: 03/01/2014

- Convenio de colaboración coa Fundación Laboral da Construción (FLC) para o recoñecemento da formación preventiva impartida polo ISSGA para os efectos da obtención da tarxeta profesional da construción (TPC).

Data sinatura: 07/05/2014

- Acordo marco de colaboración coa Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais (SGPRL), para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Data sinatura: 31/07/2014.

- Acordo marco de colaboración coa Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (APROSAL), para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Data sinatura: 01/09/2014

- Acordo marco de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para a promoción e colaboración en actuacións de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo para o colectivo de persoas xordas de Galicia.

Data sinatura: 21/11/2014

5.2 Coordinación con outros organismos da Administración

Xunta de Galicia

- Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar
 - Comisión de Goberno do ISSGA
 - A Consellería de Traballo e Benestar colabora coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, dependente do Estado, para velar polo cumprimento das normas e as boas prácticas das empresas e traballadores no eido laboral
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - Rede de Comunicación dos Accidentes Laborais (112)
 - Grupos de acción dos Plans de emerxencia exterior de Galicia
- Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - Remisión da memoria anual referida ao período de actividades do ano 2013 conforme ao artigo 13 da Lei 14/2007
- Escola Galega de Administración Pública da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - Colaboración na realización de cursos de formación
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade
 - Comisión de Goberno do ISSGA
 - Comunicación de datos de terceiros obrigados ao pagamento

- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade
 - Desenvolvemento dunha unidade docente de Medicina do Traballo
 - Reunións técnicas para a colaboración en investigación de enfermidades profesionais e vixilancia da saúde, incluída a postocupacional, dos traballadores expostos a risco por amianto
 - Plataforma de saúde laboral para a comunicación de sospeitas de enfermidade profesional
- Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria
 - Comisión de Goberno do ISSGA

Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)

- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a Inspección de Traballo seguirán coas campañas de prevención no sector da pesca, como 'Vixía' ou 'Segumar', e coa de comprobación dos riscos musculoesqueléticos
- A Consellería de Traballo e Benestar seguirá a colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, dependente do Estado, para velar polo cumprimento das normas e as boas prácticas das empresas e traballadores no eido laboral

Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT)

- Presenza no Comité Técnico Mixto INSHT-CCAA
- Presenza na Rede de Institutos de Seguridade e Saúde Laboral
- Asistencia e participación en xornadas
- Colaboración na elaboración de normativa e guías técnicas
- O ISSGA adherirase ao 'Programa europeo de promoción da saúde nos centros de traballo', liderado polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) e que ten por obxectivos

mellorar a organización e as condicións de traballo, promover a participación activa e fomentar o desenvolvemento individual.

Outros institutos de seguridade e saúde laboral

